



Yolanda Escalante González, presenta dous escritos que tiveron entrada no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (en adiante UDC) o 13/11/2023 (núm. 202399900003696 e núm. 202399900003697) nos que formula incidente de recusación contra Elena Sierra Palmeiro, Joaquín Fernando Gómez Varela e Eliseo Iglesias Soler, na súa condición de membros da comisión de selección designada para xulgar as probas selectivas para a provisión dunha praza de Axudante doutor/a (praza núm. 23/5006).

José Miguel Saavedra García, presenta dous escritos que tiveron entrada no Rexistro Xeral da UDC o 13/11/2023 (núm. 202399900003698 e núm. 202399900003699), nos que formula incidente de recusación contra Elena Sierra Palmeiro, Joaquín Fernando Gómez Varela e Eliseo Iglesias Soler, na súa condición de membros da comisión de selección designada para xulgar as probas selectivas para a provisión dunha praza de Axudante doutor/a (praza núm. 23/5006).

Miguel Ángel González Valeiro, presenta un escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral da UDC o 15/11/2023 (núm. 202399900003718 e núm. 202399900003699), no que declara que como membro da comisión de selección da praza núm. 23/5006 presenta conflito de intereses, dos recollidos no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, con algún das persoas candidatas.

Logo de examinar estes escritos dítase esta resolución en base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Por resolución reitoral do 26/10/2023 (corrección de erros do 06/11/2023), de conformidade co disposto no apartado 6.6. da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 30 de abril de 2014, faise pública a composición da comisión de selección encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza 23/5006.

Segundo.- Por resolución reitoral do 07/11/2023, faise pública a substitución do presidente da comisión de selección por presentar conflito de intereses con algunha das persoas candidatas. Noméase no seu lugar a Miguel Ángel González Valeiro.

Terceiro.- O día 13/11/2023 Yolanda Escalante Gonzalez e José Miguel Saavedra García presentan escritos de recusación respecto de Elena Sierra Palmeiro, Joaquín Fernando Gómez Varela e Eliseo Iglesias Soler, membros da comisión de selección da praza 23/5006, alegando unha sospeita de parcialidade que se basea na actuación destes membros noutras prazas do mesmo departamento e en conflito de intereses.

Cuarto.- O 19/12/2023, se lles dá trámite de audiencia aos recusados, en aplicación do artigo 24 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Quinto.- Elena Sierra Palmeiro, Joaquín Fernando Gómez Varela remiten contestación á recusación nos que manifestan que neles non concorre causa algunha de abstención/recusación.

Eliseo Iglesias Soler, remite contestación á recusación na que manifesta que presenta conflito de intereses, dos establecidos no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, con algún das persoas candidatas na praza núm. 23/5006.

Código Seguro De Verificación	rcH4n49VGwJjQrTPQtI+/g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	08/02/2024 17:00:02
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rcH4n49VGwJjQrTPQtI+/g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Sexto.- O día 15/11/2023, recibíuse un escrito de Miguel Ángel González Valeiro, no que declara que como membro da comisión de selección da praza núm. 23/5006 presenta conflito de intereses, dos recollidos no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, con algún das persoas candidatas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. A esixencia de imparcialidade na actuación dos órganos administrativos garda directa conexión co principio de obxectividade que para a actuación da Administración proclama o artigo 103 da Constitución Española.

Sobre dita base, e para garantir a aparencia de imparcialidade esixida e reparar de forma preventiva as sospeitas de parcialidade, os interesados no procedemento administrativo gozan do dereito a recusar a aqueles en quen estimen que concorren as causas legalmente tipificadas como de abstención, correspondendo ao superior resolver sobre a concorrencia da causa alegada para a recusación(arts.23 e 24 LRXSP).

Segundo. Nos incidentes de recusación contra Elena Sierra Palmeiro e Joaquín Fernando Gómez Varela, non se aprecia unha inimidade manifesta de xeito notorio, ostensible, evidente ou público coas persoas que realizan a recusación.

En canto ao interese persoal no asunto de Elena Sierra Palmeiro e Joaquín Fernando Gómez Varela, tampouco se aprecia un interese propio, particular e directo do que se derive calquera clase de beneficio ou vantaxe persoal.

Terceiro. No incidente de recusación contra Eliseo Iglesias Soler, o recusado presenta declaración de ter sido coautor de publicacións ou patentes nos últimos seis anos e ter dirixido unha tese de doutoramento, defendida nos últimos seis anos con algunha das persoas candidatas a acadar a praza núm. 23/5006, polo que de acordo co disposto no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, de 18 de xullo debe absterse de intervir nese proceso de selección ao presentar conflito de intereses.

Cuarto. Miguel Ángel González Valeiro, declara que como membro da comisión de selección da praza núm. 23/5006 presenta conflito de intereses, dos recollidos no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, con algún das persoas candidatas, polo que procede a abstención neste proceso de selección.

Polo exposto

RESOLVO

Primeiro. Desestimar a recusación formulada por dona Yolanda Escalante González e José Miguel Saavedra García, contra Elena Sierra Palmeiro e Joaquín Fernando Gómez Varela, na súa condición de secretaria e vogal da comisión de selección designada para vulgar as probas selectivas para a provisión da praza de profesor Axudante doutor/a núm. 23/5006.

Segundo. Estimar a recusación formulada por dona Yolanda Escalante González e José Miguel Saavedra García, contra Eliseo Iglesias Soler por concorrer en el motivos de conflito de intereses dos establecidos no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, de 18 de xullo.

Código Seguro De Verificación	rcH4n49VGwJjQrTPQtI+/g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	08/02/2024 17:00:02
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rcH4n49VGwJjQrTPQtI+/g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Noméase na súa substitución como vogal 2º a Luis Morenilla Burlo, profesor Titular de universidade proposto en quinta posición dos vogais suplentes por acordo do Consello do Departamento de Educación Física e Deportiva do 30/01/2023.

Terceiro. Estimar a renuncia de Miguel Ángel González Valeiro como presidente da comisión da praza núm. 23/5006 por presentar conflito de intereses dos establecidos no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, de 18 de xullo.

Noméase na súa substitución a Juan Carlos Vázquez Lazo, o seguinte profesor e de maior categoría e antigüidade da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Cuarto. Facer pública a composición actual da comisión de selección da praza núm. 23/5003 que é a que segue:

Comisión Titular			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Vázquez Lazo, Juan Carlos	Prof. Titular de Universidade	245	Presidente
Sierra Palmeiro, María Elena	Prof. Titular de Universidade	245	Secretaría
Gómez Varela, Joaquín Fernando	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 1.º
Morenilla Burlo, Luis	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 2.º
Del Castillo Obeso, María	Profesora do INEF de Galicia	245	Vogal 3.º
Arias Rodríguez, Pablo	Prof. Titular de Universidade	245	Representante traballadores

De conformidade co establecido no artigo 24.5 da LRXSP, contra a presente resolución non cabe recurso, sen prexuízo do dereito que aos recusantes asiste de alegar a recusación ao interpor o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor
(RR 16/01/2024)

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	rcH4n49VGwJjQrTPQtI+/g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	08/02/2024 17:00:02
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rcH4n49VGwJjQrTPQtI+/g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

